



## **REGULAMENTO DE USO DE BANCO DE LIBROS DA ANPA DO CEIP A SANGRIÑA**

### **OBXECTIVO**

O banco de libros do CEIP A Sangriña é un sistema colectivo de reutilización dos libros de texto aberto a todo o alumnado do CEIP A Sangriña que sexa membro da ANPA. Os membros doan os seus libros en vigor ao rematar cada curso escolar para que sexan usados por outros membros que lles seguen.

O banco de libros do CEIP A Sangriña está xestionado pola ANPA ATALAIA, é complementario ao Fondo Solidario da Consellería e vai dirixido a cubrir as necesidades que quedan fóra do Fondo.

A participación no banco de libros é de carácter voluntario e as familias interesadas en formar parte do banco terán que cumprimentar un formulario que a ANPA ten a súa disposición.

Compre destacar que o banco de libros NON funciona como un sistema de intercambio. Os libros son cedidos polas familias e pasan a ser propiedade da ANPA quen, cun criterio solidario e equitativo, distribúeos entre os beneficiarios do banco segundo as existencias dispoñibles por curso.

### **ALCANCE**

Os beneficiarios do banco de libros terán que ser asociados á ANPA Atalaia, estar ao día no pago das cotas da ANPA e ter aportado ao banco, na medida do posible, os libros do curso anterior, exceptuando aqueles que procedan do Fondo Solidario da Consellería que terán que ser devoltos ao centro.

Os alumnos de ao inicio do curso escolar, comece en 6º de Educación Infantil (5 anos), non terán que realizar ningunha doazón.

O banco admite doazóns de libros de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria, agás aqueles sobre os que se escribe (como os cadernos de Inglés). Tamén se recollerá a cartilla de lectura de 5 anos (Letrilandia ou aquela que estea en vigor no curso). Os libros doados deben estar en bo estado de conservación.

Non hai garantía de que a cantidade de libros doados e recibidos sexa a mesma, nin de que todas as familias solicitantes reciban libros aínda que teñan doado algúns, xa que depende da dispoñibilidade

### **RECOLLIDA**

Cada curso establecerase un calendario de recollida de doazóns por parte da ANPA, en xuño, tras a finalización das clases, e mais en setembro, antes do comezo das mesmas. Este calendario será publicado na páxina web da ANPA e comunicado por outros medios dispoñibles tales como circulares.

No momento da entrega da doazón, cubrirase e asinarase un recibín no que constará o nome do alumno ou alumna doante e mais a relación de libros cedidos ao banco.



Os membros do banco de libros deberán entregar como mínimo todos os libros recibidos do banco no curso anterior.

## **NORMAS**

1. É imprescindible que as familias que queiran participar no Banco de Libros sexan socias da ANPA.
2. Todos os membros do banco de libros comproméntense a coidar e manter en bo estado os libros recibidos.
3. Se é necesario subliñar ou tomar notas, faráse a lapis, pero o libro debe entregarse coas ditas sinais borradas.
4. Considerarase mal uso ou deterioro do libro de texto:
  - a. Realizar exercicios nas propostas de actividades.
  - b. Escribir palabras e mensaxes en calquera formato.
  - c. Facer debuxos ou poñer pegatinas.
  - d. Dobrar as follas para marcar os temas.
  - e. Ensuciar as páxinas con calquera produto.
  - f. Rachar, engurrar ou mollar calquera folla do libro.
5. Débense forrar os libros recibidos do banco, con forro transparente e non adhesivo.
6. O nome do alumno ou alumna non debe escribirse sobre o libro, senón sobre o forro (rotulador permanente, pegatina... sobre o propio forro).
7. No suposto caso de perda ou deterioro doloso de algún libro, esixírase a aportación dun libro igual ao perdido/deteriorado ou o aboamento do importe do mesmo, no caso contrario poderá impoñerse sancións tales como quedar excluído do banco de libros.
8. Os alumnos ou alumnas que repitan curso deberán igualmente devolver todos os libros recibidos no curso anterior, incorporándose ao novo reparto si cumpren o resto de requisitos.

## **ENTREGA DE LIBROS**

Para a entrega de libros do curso escolar estableceráanse tantas quendas como sexa preciso. Na medida do posible, esas quendas terán lugar nas mesmas datas do reparto de libros do Fondo Solidario da Consellería polo centro.

## **CRITERIOS DE REPARTO**

1. O reparto será de libros por materia, e non de lote completo por curso.
2. Será requisito para participar do banco de libros ser familia asociada na ANPA co pago da cota ao día.
3. Terá prioridade o alumnado que doe os libros do curso saínte ao banco, sobre aquel alumnado que non doe.
4. Terá prioridade o alumnado non beneficiario do Fondo Solidario sobre aquel beneficiario do dito Fondo da Consellería.
5. Ao alumnado doante, procurarase entregarlle o mesmo número de libros que doaron.
6. En igualdade de condicións, sortearase o libro entre o alumnado solicitante (alumnado que entregou cuberta a solicitude á ANPA).



## BANCO DE LIBROS

### FORMULARIO DE PRÉSTAMO (FORMULARIO B)

D/D<sup>a</sup>....., con  
DNI ....., teléfono de contacto....., correo  
electrónico ....., como representante legal  
do alumno/a .....  
de ..... curso de Educación ..... coñece e comprométese a cumprir as  
normas reguladoras do Banco de Libros xestionado pola ANPA do CEIP A Sangriña.

Libros que leva en préstamo para o curso 202..../ 202.....

CURSO	LIBRO	ESTADO

A Guarda, ..... de ..... de 202....,

Asdo. pai, nai ou titor/a legal:

Asdo. representante da ANPA.: